





CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (AGADER) E O GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL "ASOCIACIÓN GRUPO DESENVOLVEMENTO RURAL MAIV-BAIXO MIÑO", PARA A APLICACIÓN DUNHA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL NA MEDIDA LEADER DE GALICIA, COFINANCIADO CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2014-2020



Santiago de Compostela, a 13 de decembro 2016

REUNIDOS



Dunha parte, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (en adiante, Agader), representada por dona Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira do Medio Rural, en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomea a titular da Consellería de Medio Rural e, por razón do seu cargo, presidenta da Agader, en virtude do artigo 8 do Decreto 79/2001, do 6 de abril, polo que se aproba o Regulamento da Agader, e do Decreto 129/2015, de 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, con facultades para formalizar este convenio segundo a delegación do Acordo do Consello de Dirección da Agader do 11 de xullo de 2013 (DOG nº 148, do 5 de agosto).

E doutra parte, o Grupo de Desenvolvemento Rural "Asociación Grupo Desenvolvemento Rural MAIV-Baixo Miño" (en adiante, o GDR), con sede en Avenida de Peinador nº 39, Tameiga, Mos e con número de identificación fiscal G-36889780, representado por dona Sandra González Álvarez, nomeada por acordo da xunta directiva do 26 de abril de 2016 e facultada para a sinatura deste convenio polo artigo 20 dos seus estatutos.



EXPOÑEN

Primeiro.- A Decisión da Comisión Europea C (2015) 8144, do 18 de novembro, aprobou o Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020 (en adiante, o PDR de Galicia), ao abeiro dos Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, polo que se establecen disposicións comúns relativas aos fondos EIE, e do Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, relativo á axuda a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).

Segundo.- O PDR de Galicia, prevé a aplicación da medida Leader de Galicia 2014-2020 a través de estratexias integradas de desenvolvemento, compostas por submedidas e mediante a metodoloxía Leader, ao abeiro das actuacións promovidas polos grupos de desenvolvemento rural, nos termos sinalados no artigo 35 do Regulamento (UE) nº 1303/2013.

Terceiro.- De conformidade coas bases reguladoras da selección de estratexias de desenvolvemento local, da selección e recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia e da concesión da axuda preparatoria, aprobadas polo acordo do Consello de Dirección da Agader do 10 de febreiro de 2016 (*DOG* núm. 42, do 2 de marzo de 2016), o GDR presentou unha estratexia de desenvolvemento local participativo, formulada co obxectivo de contribuír ao desenvolvemento sustentable a longo prazo da súa zona de actuación. A estratexia e o GDR sinalados foron seleccionados mediante acordo do Consello de Dirección da Agader do 16 de novembro de 2016 .

Cuarto.- De conformidade co previsto nas epígrafes III, letra g), e XIV das bases reguladoras aprobadas no citado acordo do Consello de Dirección da Agader e no artigo 13 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o GDR, na súa consideración de entidade colaboradora, e a Agader deben asinar un convenio de colaboración no que se determinen as condicións e obrigas que asume a entidade para a xestión da estratexia de desenvolvemento local, que están previstas, con carácter xeral, nas bases reguladoras xa citadas.



Quinto.- De conformidade co Decreto 155/2006, de 7 de setembro, polo que se establece o réxime do organismo pagador dos fondos europeos agrarios en Galicia, o Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga) constituirase como organismo pagador en Galicia para os gastos financiados polo Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga) e polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia exercerá as funcións de organismo de certificación das contas do organismo pagador autorizado. A través da Orde do 4 de outubro de 2007, autorízase ao Fondo Galego de Garantía Agraria como organismo pagador dos fondos europeos agrarios en Galicia.

Por outra parte, o Decreto 166/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, designa á Secretaria Xeral Técnica como autoridade de xestión do Programa de desenvolvemento rural (PDR).

Sexto.- A subscrición do presente convenio de colaboración deberá publicitarse conforme ao establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Sétimo.- Mediante o presente convenio se determina o réxime de obrigas asumidas polos GDR, deixándose expresamente designada á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural como a entidade de apoio e asistencia entre cada un dos Grupos de Desenvolvemento Rural e o Organismo Pagador, sen prexuízo das instrucións que no exercicio das súas competencias dite a Autoridade de Xestión.

De conformidade co exposto e no exercicio das súas competencias, as partes reunidas acordan formalizar este convenio, cuxo contido recóllese nas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto.

Este convenio ten por obxecto establecer as regras que deberán aplicar as partes na xestión da estratexia de desenvolvemento local seleccionada polo acordo do Consello de Dirección da Agader do 16 de novembro de 2016 e, en particular, as funcións e obrigas que asume o GDR como entidade colaboradora da Agader de acordo co artigo 9 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no marco das funcións xerais previstas no apartado 2 da epígrafe III (grupos de desenvolvemento rural) das bases reguladoras aprobadas o 10 de febreiro de



2016 polo Consello de Dirección da Agader, en relación coa xestión das subvencións que vaian a percibir terceiros beneficiarios da submedida 19.2: "apoio para a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local participativo".

Por outra parte, este convenio regula tamén as obrigas que asume o GDR na súa condición de beneficiario da subvención, nos termos previstos no artigo 8 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, respecto dos fondos públicos vinculados á submedida 19.4: "custos correntes e animación e promoción territorial".

Segunda.- Duración do convenio.

A vixencia deste convenio iníciase o día da súa sinatura e producirá efecto ata cinco anos despois do último pagamento realizado no marco da estratexia de desenvolvemento local, de xeito que o GDR non poderá disolverse ata que transcorra o devandito período, salvo que o GDR garanta previamente, a xuízo da Agader e a través de calquera medio admisible en dereito, as responsabilidades contraídas.

Terceira.- Ámbito territorial.

O ámbito territorial de aplicación deste convenio é o territorio en que se desenvolverá a estratexia de desenvolvemento local seleccionada. Este territorio figura como anexo I.

Cuarta.- Dotación financeira para a xestión da submedida 19.2: "apoio para a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local participativo".

A dotación financeira para a aplicación da estratexia de desenvolvemento local é o importe reflectido no acordo do Consello de Dirección da Agader do 16 de novembro de 2016, polo que se selecciona o GDR e a estratexia sinalada.

Para a execución da estratexia de desenvolvemento local tomarase como referencia a dotación financeira sinalada nesta cláusula máis o cofinanciamento complementario que acheguen os promotores dos proxectos. Así mesmo, serve de base para o cálculo dos custes correntes do GDR, regulados na cláusula oitava, e dos gastos vinculados ás actuacións de animación e promoción do territorio, regulados na cláusula novena. Dita dotación financeira poderá variar como consecuencia da non liberación da porcentaxe que sobre os fondos públicos totais asignados á medida Leader de Galicia 2014-2020 se corresponden coa "reserva de rendemento" á que fai referencia a epígrafe IX das bases reguladoras da selección de



estratexias de desenvolvemento local e de entidades colaboradoras, das modificacións do PDR de Galicia, de reprogramacións da estratexia do GDR, da redistribución de fondos entre estratexias dos GDR, do incumprimento da regra n+3 ou doutros supostos similares.

A Agader establecerá, antes da finalización do primeiro mes de cada anualidade, cal será o orzamento máximo dispoñible para o exercicio corrente e para a anualidade seguinte contra o que os GDR poderán seleccionar os proxectos.

Os créditos de cada ano poderán ser incrementados, se é o caso, coas incorporacións dos remanentes de exercicios anteriores que legalmente correspondan.

Quinta.- Principios de actuación.

Para o cumprimento dos obxectivos da estratexia de desenvolvemento local, tendo en conta o carácter público dos fondos que o financian, a actuación do GDR deberá garantir os principios de colaboración, imparcialidade e ausencia de conflito de intereses, publicidade, transparencia, libre concorrencia, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia. As normas de actuación do GDR serán, entre outras, as seguintes :

- a) Colaboración cos cidadáns en xeral, e coas entidades públicas ou privadas do territorio, pertencen ou non ao GDR, así como con outros GDR.
- b) Imparcialidade, mediante o seguimento do procedemento que o GDR recolla na súa estratexia para evitar os conflitos de intereses, segundo o contido mínimo que se indica no apartado 1 da epígrafe III das bases reguladoras aprobadas polo Acordo do Consello de Dirección da Agader do 10 de febreiro de 2016 (DOG núm. 42, do 2 de marzo de 2016), e que afectará, en todo caso aos membros dos órganos de avaliación e decisión dos GDR.
- c) Publicidade, tanto das convocatorias e regras para a selección de proxectos como dos proxectos subvencionados, así como para as contratacións que deba facer o GDR, segundo as regras de información e publicidade establecidas no anexo III do Regulamento de execución (UE) nº 808/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014.
- d) Transparencia, materializada, entre outros aspectos, en expedientes completos, na ausencia de acordos ocultos, na ausencia de persoas e entidades en debates e acordos que os afecten e na sinatura por persoa delegada en representación do cargo do



órgano de decisión que sexa, á vez, perceptor ou interesado na axuda.

- e) Libre concorrência, sen máis limitacións que as que se deriven da convocatoria, tanto para a selección de proxectos como para a contratación, por parte do GDR, dos recursos humanos ou materiais.
- f) Obxectividade, mediante a aplicación aos proxectos das normas do GDR para a xestión da estratexia, en particular dos criterios para a selección e priorización de proxectos, previamente establecidas e feitas públicas, así como da axeitada motivación da selección ou non de cada proxecto.
- g) Igualdade, de modo que non se dea un tratamento diferente a situacións iguais nin se traten igual situacións diversas.
- h) Non discriminación, de xeito que non se produzan diferenzas de trato fundadas en motivos persoais nin noutras circunstancias alleas ás normas do GDR para a xestión da estratexia, en particular dos criterios para a selección e priorización de proxectos.
- i) Eficacia, en canto que as actuacións deben orientarse directamente á consecución dos obxectivos da estratexia de desenvolvemento local, cuantificando as decisións e analizando as súas posibles consecuencias.
- k) Eficiencia, de xeito que cun menor custo se contribúa a un maior beneficio socioeconómico a fin de acadar a mellor proporción entre o rendemento, a utilidade dos investimentos e os gastos de funcionamento.

Para estes efectos, tanto o GDR como as entidades que sexan socios del, facilitarán a colocación nos seus taboleiros de anuncios e a inserción nas súas publicacións de cantos documentos, convocatorias, concursos ou anuncios garantan o cumprimento destes principios.

Sexta.- Funcións do GDR.

1. O GDR, en canto entidade colaboradora da Agader na xestión da estratexia de desenvolvemento local seleccionada, asume as seguintes funcións e obrigas específicas:

- a) Promover a dinamización territorial e a mobilización social.
- b) Promover a valorización do medio rural, en xeral, e do seu territorio, en particular.



- c) Facilitar a participación da poboación nas accións de desenvolvemento do territorio.
- d) Atender ao público nunha ou varias oficinas abertas no ámbito territorial do GDR, en que conste o calendario e horario de atención ao público, en particular o de atención da xerencia aos promotores. A oficina ou oficinas estarán identificadas en lugar visible mediante un cartel ou placa axeitados que recolla os requisitos establecidos no anexo III do Regulamento de execución (UE) nº 808/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, de modo que non sexa confundible con ningunha dependencia administrativa ou empresarial, e deberá situarse no territorio elixible para efectos do Leader.
- e) Asesorar aos posibles beneficiarios das axudas da estratexia de desenvolvemento local sobre a adecuación do seu proxecto ás esixencias daquela, así como sobre a posibilidade de acceder a outro tipo de axudas á marxe das previstas nela.
- f) Informar aos posibles beneficiarios sobre as obrigas que asumirán no caso de percibir algunha axuda con cargo á estratexia, entre as que se atopa a obrigatoriedade de levar unha contabilidade separada para o financiamento que se perciba con cargo ao fondo FEADER, das infraccións e das correspondentes sancións previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia que puidesen derivar responsabilidade para os solicitantes das axudas, así como sobre a forma de xustificación do cumprimento das condicións para a concesión das subvencións e dos requisitos para a verificación desta.
- g) Tramitar dilixentemente os expedientes, dende que o promotor presente a solicitude diante do GDR ata que este lle traslade á Agader a decisión sobre a selección, a proposta ou a documentación de que se trate.
- h) Realizar o tratamento dos datos de carácter persoal que teña rexistrados en calquera tipo de soporte físico, por mor da súa actividade de entidade colaboradora na xestión da estratexia Leader de Galicia 2014-2020, conforme á cláusula 14ª deste convenio.
- i) Comprobar o cumprimento e a efectividade das condicións ou dos requisitos determinantes para a concesión de subvencións aos promotores de proxectos.
- j) Seleccionar proxectos con cargo ao orzamento máximo dispoñible, segundo o sinalado na cláusula cuarta, para darlle cumprimento á estratexia de desenvolvemento local.
- k) Levantar a acta de non inicio dos proxectos, realizar actuacións de seguimento e control



dos proxectos subvencionados e comunicarlle á Agader calquera incidencia ou irregularidade.

- l) Levar un libro de rexistro de entrada e saída da documentación que afecte aos asuntos vinculados á execución da estratexia, dándolle traslado á Agader dos asentos diariamente para o seu control.
- m) Velar pola correcta asignación dos fondos previstos para cada anualidade e a súa distribución entre proxectos produtivos e non produtivos.
- n) Ter en conta o disposto no *Manual de Procedemento da medida Leader de Galicia 2014-2020* que aprobe a Agader, así como utilizar a aplicación informática correspondente que deseñe e facilite a Agader, cubrindo nela todos os campos previstos para cada tipo de actuación.
- o) Elaborar, en base ao Manual de Procedemento aprobado pola Agader que se cita no punto anterior, o seu propio Manual de Procedemento o cal recolla integramente o procedemento exacto de tramitación das axudas Leader ao abeiro da estratexia de desenvolvemento local. O Manual de procedemento propio do GDR deberá ser remitido á Agader para a súa aprobación.
- p) Comunicarlle á Agader, para que as autorice, as reprogramacións da estratexia de desenvolvemento local, así como as modificacións de calquera norma interna do GDR relacionada coa xestión da estratexia.
- q) Comunicarlle á Agader, no prazo do mes seguinte a terse producido, as variacións na escritura de constitución, estatutos, regulamento de réxime interior, composición dos órganos de decisión do GDR, enderezo, correo electrónico, xerente e outros datos similares referidos ao GDR.
- r) Elaborar un informe anual de avaliación e seguimento da posta en práctica da estratexia de desenvolvemento local, e remitilo á Agader antes do 30 de maio do ano seguinte. Este informe deberá recoller o seguinte contido mínimo:

-Actas das xuntanzas da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva ou órgano decisorio similar, debidamente dilixenciadas polo secretario do GDR.



-Relación actualizada de membros do GDR.

-Memoria que inclúa o seguimento dos indicadores establecidos e a avaliación da efectividade, eficiencia, relevancia, utilidade e sostenibilidade das medidas realizadas.

-Calquera circunstancia relevante para a correcta execución da estratexia como o grado de execución dos proxectos subvencionados, o rexeitamento de candidatos a ser socios, as contas anuais da asociación, incidencias observadas, etc.

Antes de remitilo á Agader, o devandito informe debe ser sometido a aprobación pola asemblea xeral do GDR.

s) Cumprir as obrigas previstas na normativa de transparencia da actividade pública en canto á publicidade activa e á subministración de información.

t) Proporcionarlle a Agader, á autoridade de xestión do PDR e/ou aos avaliadores designados por esta, toda a información relacionada coa súa xestión na medida Leader que sexa necesaria para realizar o seguimento e a avaliación da mesma.

2. O GDR, na súa condición de beneficiario da subvención, nos termos previstos no artigo 8 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia asume as seguintes funcións e obrigas específicas:

u) Executar as actividades da submedida 19.4 do PDR (gastos correspondentes aos custes correntes do GDR e animación e promoción do territorio) e xustificar os gastos correspondentes.

v) Promover ou participar, no seu caso, en proxectos de cooperación transnacional e interterritorial fóra e dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo as bases reguladoras e as convocatorias da Comunidade Autónoma de Galicia e, no seu caso, do Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente.

w) Integrarse nas redes de grupos de desenvolvemento rural, tanto a nivel da Comunidade Autónoma como a nivel de todo o Estado.

x) Someterse ao Plan Galego de Controis Feader que sexa de aplicación á estratexia Leader de Galicia 2014-2020, ás actuacións de comprobación da Agader e de control financeiro, así como a calquera actuación de control e/ou inspección que proceda desenvolver por



calquera organismo nacional ou comunitario.

y) Aplicar as regras de información e publicidade sobre a axuda do Feader a que se refire o anexo III do Regulamento de execución (UE) nº 808/2014 da Comisión de 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) así como o Plan de comunicación do PDR.

3. As normas do GDR para a xestión da estratexia son unha parte esencial da estratexia de desenvolvemento local, na medida en que determinan as regras específicas aplicables no desenvolvemento do territorio, e garanten a aplicación dos principios de obxectividade e de transparencia. Por esta razón, a modificación polo GDR das citadas normas, en especial dos criterios de selección e de priorización de proxectos (baremos e regras de asignación de axudas), deberá ser comunicada á Agader para que a autorice.

4. Na composición do GDR rexerá o principio de portas abertas, entendido como a posibilidade da libre incorporación, tanto no momento da constitución do GDR como ao longo do período de execución da estratexia, das entidades con implantación local que, reunindo os requisitos esixidos para adquirir a condición de asociadas, soliciten a súa incorporación ao GDR, sempre que acrediten, polo menos, un ano de actividade no ámbito territorial deste. Coa finalidade de garantir a aplicación do antedito principio, cando se rexeite a solicitude dunha entidade para incorporarse ao GDR, este deberá informala da posibilidade de que recorra diante da asemblea xeral e de que lle comunique á Agader as circunstancias do rexeitamento.

5. O incumprimento das funcións e obrigas asumidas polo GDR, tanto na súa condición de entidade colaboradora como na súa condición de beneficiario da subvención, poderá dar lugar á suspensión temporal dos pagamentos pendentes ata que se corrixan as irregularidades cometidas. Así mesmo, o citado incumprimento poderá supoñer o non incremento dos fondos destinados aos gastos en custes correntes ou de funcionamento, e en casos de grave irregularidade, a resolución do convenio e a conseguinte perda polo GDR da condición de entidade colaboradora na xestión do programa.



Sétima.- Selección de proxectos.

1. O GDR seleccionará, en réxime de concorrencia competitiva, proxectos que sexan encadrables na estratexia de desenvolvemento local seleccionada polo Acordo do Consello de Dirección da Agader do 16 de novembro de 2016, segundo os obxectivos da estratexia de desenvolvemento local, e de acordo coas bases reguladoras de selección de estratexias de desenvolvemento local, aprobadas o 10 de febreiro de 2016 polo Consello de Dirección da Agader, e co Réxime de axudas para a medida Leader de Galicia 2014-2020, no marco orzamentario da cláusula cuarta deste convenio.

Aplicarase o procedemento de selección dos proxectos, non discriminatorio, transparente e con criterios obxectivos predefinidos, que figura na estratexia de desenvolvemento local seleccionada.

O GDR asegurará sempre a libre concorrencia dos interesados, mediante convocatoria pública, ata o límite da dispoñibilidade orzamentaria anual

2. Para optimizar a execución da estratexia, en previsión de que os promotores dalgúns proxectos subvencionados non xustifiquen axeitadamente a súa execución, renuncien á axuda ou deban devolvela, ou de que se produza, por calquera razón, un incremento na dotación financeira asignada á estratexia, no último ano de execución da mesma, o GDR poderá seleccionar proxectos excedendo o marco financeiro que teña asignado para a execución da estratexia.

As contías liberadas por falta de xustificación da execución de proxectos, renuncias ou devolucións deberán ser asignadas a outros proxectos que sexan encadrables na estratexia de desenvolvemento local seleccionada.

Oitava.- Gastos en custes correntes do GDR.

1.- Para a correcta aplicación da estratexia de desenvolvemento local e para o cumprimento das súas funcións, o GDR deberá dotarse dos medios persoais e materiais axeitados, para o cal poderá realizar gastos de funcionamento conforme ao previsto no Réxime de axudas e mais na epígrafe VII (As estratexias de desenvolvemento local), apartado 2 (Desagregación da medida



Leader por submedidas), letra C (Custos correntes da estratexia), das bases reguladoras da selección de estratexias de desenvolvemento local.

2.- A contratación do equipo xestor do GDR axustarase ás seguintes regras:

- a) A relación entre o GDR e o persoal terá carácter laboral, non mercantil.
- b) A selección do persoal do GDR deberá cumprir os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade da convocatoria e cumprir os seguintes requisitos:
 - A convocatoria de selección deberá ser publicada na edición escrita do xornal de maior tirada na zona de actuación do GDR ou na súa provincia, non sendo suficiente a publicidade da convocatoria realizada unicamente nas páxinas da sección local do xornal. Ademais, a convocatoria deberá ser publicada nos taboleiros de anuncios de todos os concellos integrantes do territorio do GDR e na páxina web da Agader, para o cal se lle enviará unha comunicación do anuncio.
 - Apertura dun prazo de polo menos 20 días naturais para a presentación de solicitudes, que empezará a contar dende a publicación nos medios indicados no punto anterior.
 - Realización dun procedemento selectivo, que constará das seguintes partes: A) Proba escrita, centrada sobre materias de desenvolvemento rural e do PDR, normativa de subvencións e territorio de actuación do GDR; B) Entrevista, cun límite do 25% da puntuación máxima do proceso selectivo; e C) Méritos, cun límite do 25% da puntuación máxima do proceso selectivo.
 - Non se poderán esixir formación e/ou titulacións específicas para os postos que se convoquen. Non obstante, será factible a inclusión, no apartado de méritos, de formación específica vinculada ao desenvolvemento rural, a coñecementos económico-financeiros e/ou a coñecementos ofimáticos ou administrativos.
- c) Na comisión de selección poderá estar presente un representante da Agader con voz e sen voto.
- d) As características dos postos de traballo que poida contratar o GDR serán as seguintes:
 1. Xerente ou máximo responsable técnico da estratexia. Titulación mínima: título de diplomado universitario, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico ou grao. Salario bruto máximo imputable á xestión da medida Leader para un contrato de traballo a tempo



completo : 32.000 €.

2. Técnico. Titulación mínima: título de diplomado universitario, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico ou grao. Salario bruto máximo imputable á xestión da medida Leader para un contrato de traballo a tempo completo: 26.000 €.
 3. Administrativo. Titulación mínima: bacharel ou equivalente para efectos académicos. Salario bruto máximo imputable á xestión da medida Leader para un contrato de traballo a tempo completo: : 18.000 €.
 4. As persoas seleccionadas farán unha declaración na cal conste que non están incursas nas causas de incompatibilidade aplicables ao persoal ao servizo da Comunidade Autónoma galega, así como no caso de que cambien as circunstancias que poidan afectar a compatibilidade.
 5. O xerente ou máximo responsable técnico da estratexia terá dedicación exclusiva ao GDR e non desempeñará cargos electos nos órganos do mesmo.
 6. O persoal técnico (non xerente) e administrativo poderá seleccionarse de maneira conxunta entre varios GDR e por conseguinte prestar os seus servizos a tempo parcial para cada un deles, en función dos contratos que regulen a súa relación laboral. En ningún caso a suma do salario bruto que perciba este persoal seleccionado de maneira conxunta poderá superar os límites salariais máximos establecidos nos apartados anteriores.
 7. Os salarios brutos máximos imputables á estratexia poderán ser actualizados anualmente en función da variación do índice oficial de prezos ao consumo (IPC).
- e) A subscrición deste convenio non supón ningún tipo de relación xurídica entre o persoal do GDR e a Agader.
3. A contratación de asistencias técnicas polo GDR axustarase ás seguintes regras:
- a) As asistencias técnicas só poderán utilizarse para a xestión de aspectos puntuais, como os referidos a servizos técnicos, xurídicos, laborais, fiscais e contables.
 - b) A selección da entidade adxudicataria realizarase segundo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade que rexen a contratación das administracións públicas. Os



principios de publicidade e concorrencia materializaranse na achega de polo menos tres ofertas de diferentes empresas interesadas na realización do servizo. Os gastos de asistencia á xestión do equipo técnico do GDR non excederán do 5% do importe anual asignado para o total da submedida 19.4 (custes correntes e animación).

4. Para atender os gastos correntes, o GDR percibirá unha dotación económica no marco da submedida 19.4.A do PDR.

A intensidade da axuda con cargo á estratexia para os gastos de funcionamento poderá ser do 100%.

O GDR poderá obter financiamento suplementario ou recursos materiais dos seus asociados ou doutras entidades para eses fins. Non obstante o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.

O GDR deberá executar e xustificar os gastos correntes de funcionamento seguindo as regras xerais previstas no Réxime de Axudas. Ademais, deberá acreditarse a moderación de custes, calquera que sexa a contía do gasto subvencionable, mediante o sistema adecuado de valoración que estableza a Agader no Réxime de Axudas ou en instrucións ditadas ao efecto. O dito sistema de valoración de custes poderá consistir no establecemento de custes máximos de referencia, na comparación de polo menos tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á asunción do gasto ou no establecemento de prezos máximos por un comité de avaliación que designe a Agader.

5. A Agader pagará os gastos correspondentes aos custes correntes da estratexia de desenvolvemento local, do seguinte xeito:

No caso de solicitude do GDR, poderá concederse un anticipo de ata o 50% do orzamento dispoñible en cada anualidade, unha vez xustificadas os gastos en custes correntes da anualidade anterior.

O importe restante da anualidade liberarase unha vez que se xustifique o anticipo e a medida que o GDR presente as solicitudes de pago xunto coa documentación xustificativa das mesmas.



Os gastos poderán ser xustificados mensualmente ou, se é o caso, no momento do esgotamento do anticipo.

Unicamente serán elixibles os gastos causados na anualidade na que o GDR solicite o seu pagamento, agás os gastos nos que incorra o GDR nos dous meses finais de cada anualidade, que poderán ser imputados polo GDR con cargo ao orzamento dispoñible da anualidade inmediatamente posterior. Esta excepción non será aplicable na anualidade final do programa.

6. Cando o GDR non precise os equipamentos adquiridos con cargo á estratexia, destinaranse a entidades sen ánimo de lucro que realicen actividades vinculadas ao desenvolvemento rural.

Novena.- Actuacións de animación e de promoción da estratexia e do territorio do GDR.

1.- Para a correcta aplicación da estratexia de desenvolvemento local, o GDR deberá realizar actuacións de animación e de promoción da estratexia e do territorio do GDR, conforme ao previsto no Réxime de axudas e mais na epígrafe VII (As estratexias de desenvolvemento local), apartado 2 (Desagregación da medida Leader por submedidas), letra D (Animación e promoción territorial), das bases reguladoras da selección de estratexias de desenvolvemento local.

2. O GDR realizará a previsión anual de gastos destinados á animación e á promoción do territorio e presentará a Agader, antes do 30 de novembro de cada ano, en relación co exercicio seguinte, para que a autorice.

Os proxectos de animación e promoción territorial poderán seleccionarse pola xunta directiva do GDR a medida que a Agader vaia verificando os informes control de elixibilidade (ICE) correspondentes. Para este fin, unha vez verificados, a xunta directiva do GDR propoñerá ao director xeral da Agader a concesión de axuda de cada un destes expedientes e ata o esgotamento do crédito dispoñible en cada anualidade.

As actuacións referidas á animación executaranse e xustificaranse segundo as regras xerais previstas no Réxime de axudas. Poderá concederse, previa solicitude do GDR, un anticipo de ata o 50% da axuda pública que sexa concedida a cada expediente. O importe do anticipo non poderá ser superior ao orzamento que teña dispoñible, no exercicio corrente, o proxecto subvencionado.



Décima.- Dotación financeira para a submedida 19.4: "custes correntes e animación e promoción territorial".

1. Como beneficiario da subvención, a dotación financeira prevista e a súa distribución por anualidades dos gastos en custes correntes e animación e promoción territorial contemplada neste convenio é a seguinte:

Anualidade	Gastos en custes correntes e animación
2016	0
2017	172.417,92 €
2018	172.417,92 €
2019	172.417,92 €
2020	172.417,92 €

2. O gasto público total dedicado aos gastos correntes (19.4.A) e á animación (19.4.B) non poderá superar en ningún caso o 25% do gasto público total en que se incorra no marco da estratexia de desenvolvemento local.

3. Correspóndelle á Agader a autorización anual do orzamento máximo que disporá o GDR para os seus gastos en custes correntes e de animación e promoción territorial.

Décimo primeira.- Difusión da estratexia .

1. Entre as actuacións de animación e de promoción do territorio do GDR, debe realizarse a difusión da estratexia no territorio de actuación. Con esta finalidade o GDR deberá:

a) Manter xuntanzas con colectivos, organizacións, grupos de veciños, profesionais vinculados ao desenvolvemento do territorio (ADL, asistentes sociais, axentes de emprego...) na maior extensión posible, co fin de que a estratexia sexa coñecida pola poboación do territorio e para crear dinámicas de interacción.

b) Crear unha páxina web propia do GDR, tendo en conta as instucións que ao efecto ditará



Agader en consoancia co anexo III do Regulamento de execución (UE) nº 808/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, mantela actualizada e facilitar a información relevante do GDR á Agader para que esta poida incorporala á súa páxina web.

- c) Ter á disposición do público no taboleiro de anuncios da oficina ou oficinas, así como nas páxinas web do GDR e da Agader, información actualizada da estratexia, das axudas dispoñibles no marco desta, normas do GDR para a xestión da estratexia, convocatorias e demais información relevante.
- d) Difundir a estratexia no territorio de actuación, as convocatorias e axudas dispoñibles no seu marco e a apertura de prazos de solicitude, de xeito que os coñeza a maior parte da poboación.
- e) Difundir de forma periódica, polo menos anualmente, as subvencións concedidas e denegadas con cargo á estratexia.
- f) Facilitar aos promotores os modelos dos carteis, placas ou logotipos para publicitar axeitadamente os proxectos subvencionados.
- g) Dar a coñecer a sede do GDR mediante placas ou carteis e utilizar os logotipos das administracións financiadoras (Unión Europea-Feader, Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente, e a Agader), segundo a normativa aplicable en cada caso, no material impreso que use o GDR e nas actuacións promovidas por este cando requiran cartel. A placa identificativa das oficinas deberá mencionar, cando menos, o nome do GDR, a medida Leader, os logotipos das administracións financiadoras e o lema "*Feader: Europa inviste no rural*".
- h) Publicitar o principio de portas abertas dos GDR (libre acceso ao GDR das entidades interesadas).
- i) Comprobar o cumprimento por parte dos beneficiarios dos requisitos de publicidade que sexan aplicables para a medida Leader e que están recollidos no anexo III do Regulamento de execución (UE) 808/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014.

As citadas actuacións deben cumprir as regras sobre o uso da bandeira europea e o logotipo de Leader regulamentarios, así como do lema "*Feader: Europa inviste no rural*" segundo o previsto no anexo III do Regulamento de execución (UE) nº 808/2014 da Comisión do 17 de



xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).

2. Para a ordenada realización das tarefas antes sinaladas, o GDR debe concretar e executar o Plan de difusión presentado no marco da estratexia de desenvolvemento local, en coordinación co disposto no plan de comunicación e difusión do PDR.

Décimo segunda.- Réxime dos pagamentos a conta.

O GDR poderá percibir pagamentos a conta e pagamentos anticipados por importe conxunto de ata o 100% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados, respecto dos gastos en custes correntes e dos gastos en animación e promoción territorial. Así mesmo, exímese ao GDR da constitución de garantías nos pagamentos a conta que poida percibir en relación cos citados gastos en custes correntes e en animación e promoción territorial, cando o importe conxunto de pagamentos a conta e de pagamentos anticipados sexa superior aos 18.000 euros.

Décimo terceira. Actuacións do GDR de control e seguimento de proxectos.

O GDR fará as seguintes actuacións relativas ao control administrativo e seguimento dos proxectos:

- a) Levantar a acta de non inicio, antes de seleccionar os proxectos, e realizar o seguimento do cumprimento de obrigas en relación aos proxectos subvencionados durante os cinco anos seguintes ao pagamento da axuda, sen que coincida a persoa que levantou a acta de non inicio coa que faga o control posterior ao pagamento. As anteditas funcións realizaranse segundo as exigencias do Regulamento de execución (UE) nº 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, medidas de desenvolvemento rural e condicionalidade, así como do Plan Galego de Controis Feader.
- b) Recibir os estudos e traballos que deban presentar os promotores, así como a documentación xustificativa da execución dos proxectos subvencionados, comprobando que está completa, estampillando as facturas co selo do programa e compulsando as copias



destas, e enviala á Agader inmediatamente despois de tela recibido. O GDR realizará estas actuacións tendo en conta que a dita xustificación servirá de base para a acreditación polas autoridades nacionais das accións do PDR diante da Comisión Europea.

- c) Comunicarlle á Agader, no momento en que as coñeza, as irregularidades que detecte na aplicación da estratexia de desenvolvemento local.

O GDR exercerá as funcións de control administrativo por delegación da Agader.

Décimo cuarta.- Comprobación de actuacións e control financeiro.

O GDR someterase ás actuacións de comprobación que, respecto da colaboración na execución da estratexia de desenvolvemento local e da xestión dos fondos asignados, poida efectuar a Agader, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos, nacionais como comunitarios, para o que achegará tanta información lle sexa requirida en relación ao exercicio das funcións que lle corresponden.

O GDR quedará suxeito ás disposicións comunitarias de control establecidas no Regulamento de execución (UE) nº 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, medidas de desenvolvemento rural e condicionalidade, así como do Plan Galego de Controis Feader.

Durante os cinco anos seguintes ao último pagamento de gastos vinculados a execución da estratexia de desenvolvemento local, o GDR deberá conservar e, de ser o caso, poñer á disposición dos órganos sinalados anteriormente, a documentación administrativa, os libros de contabilidade e todos os documentos xustificativos referidos aos gastos realizados e á efectividade do pagamento.

O beneficiario terá a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Agader, pola Autoridade de Xestión do PDR, pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas, polo Consello de Contas e polos organismos comunitarios que correspondan, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.



Décimo quinta .- Obrigas do GDR como encargado do tratamento de datos de carácter persoal.

1. De conformidade co artigo 12 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (LOPD) e co capítulo III do título II do Regulamento de desenvolvemento da citada lei orgánica (RLOPD), aprobado polo Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, o GDR comprométese ao seguinte, en canto encargado do tratamento dos datos de carácter persoal de que dispoña en relación á súa actividade como entidade colaboradora da Agader na xestión da medida Leader de Galicia 2014-2010:

- a) Non aplicar nin utilizar tales datos con fins distintos á xestión da estratexia Leader e atender as instrucións da Agader ao respecto.
- b) Non comunicar os datos persoais a terceiros, nin sequera para a súa conservación, con excepción das subcontratacións que a Agader lle autorice previamente por escrito.
- c) Adoptar as medidas de seguridade técnicas e organizativas, conforme establece o RLOPD, correspondentes aos niveis de seguridade básico e mais medio, por ser este último o nivel previsto para o ficheiro baixo a responsabilidade da Agader *Relacións administrativas coa cidadanía e entidades* que consta no anexo II.3 da Orde do 12 de setembro de 2012 pola que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal da Consellería do Medio Rural (DOG nº 184, do 26 de setembro).
- d) Comprometerse a restringir o acceso aos datos exclusivamente ao persoal que o precise para realizar as súas funcións.
- e) Respetar e darlle traslado ao persoal que interveña no tratamento da súa obrigaón de segredo profesional nos termos previstos no artigo 10 da LOPD respecto dos datos persoais e o seu deber de gardalos, obrigaóns que subsistirán aínda despois de finalizar as relacións do GDR coa Agader.
- f) Destruír os datos persoais e os soportes ou documentos que os conteñan, á terminación deste convenio por calquera causa, sen conservar ningunha copia, salvo que se conserven debidamente bloqueados, en tanto puideran derivarse responsabilidades da súa relación coa Agader ou cando unha previsión legal esixise a súa conservación.
- g) Comprometerse a entregarlle unha declaración escrita á Agader na que conste que o GDR realizou a destrución mencionada no apartado anterior.



2. Co fin de asegurar a confidencialidade do tratamento de datos obxecto desta cláusula, o GDR garántelle á Agader que todos os seus empregados, así como os traballadores externos, teñen subscrito un compromiso de confidencialidade.

3. O GDR incluírá no documento de seguridade a identificación dos ficheiros afectados por el mesmo en concepto de encargado do tratamento, con referencia expresa ás medidas de seguridade e confidencialidade sinaladas no apartado 1, identificando á Agader como responsable do ficheiro e detallando o período de vixencia deste convenio.

4. Cando os afectados exerciten os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición ante o GDR, este daralle traslado das solicitudes á Agader co fin de que esta as resolva.

5. No caso de que o GDR destine os datos a outra finalidade, os comunique ou os utilice incumprindo as regras desta cláusula, será considerado responsable do tratamento, respondendo das infraccións en que tivera incorrido, eximindo expresamente á Agader acerca de calquera responsabilidade respecto ao incumprimento, nas actividades obxecto do presente convenio, de todos os deberes e obrigacións impostos pola LOPD e a súa normativa de desenvolvemento.

6. No non previsto nesta cláusula, aplicarase a normativa vixente sobre protección de datos persoais.

Décimo sexta.- Contabilidade do GDR.

O GDR deberá levar un sistema de contabilidade independente, en que consten todas as intervencións que desenvolva respecto dos gastos, compromisos e pagamentos relacionados coa submedida 19.4 do PDR (custes correntes do GDR e animación).

Para os cobramentos e pagamentos referidos á antedita submedida, o GDR utilizará unha única conta bancaria.

Décimo sétima.- Modificación da estratexia de desenvolvemento local.

A modificación da estratexia de desenvolvemento local participativo deberá ser autorizada pola Agader, previa solicitude motivada do GDR.



Décimo oitava .- Modificación do convenio.

1. Este convenio poderá modificarse, ben por iniciativa propia da Agader ou ben por petición motivada do GDR, mediante a subscripción da correspondente addenda ao presente convenio, logo dos informes e autorizacións preceptivas.

Sen prexuízo do sinalado no parágrafo anterior, cando a dotación financeira asignada para a execución da estratexia de desenvolvemento local varíe como consecuencia de modificacións no orzamento programado do PDR de Galicia 2014-2020, da reprogramación solicitada polo GDR e aceptada pola Agader, da non liberación da porcentaxe que sobre os fondos públicos totais asignados á medida Leader de Galicia 2014-2020 se corresponden coa "reserva de rendimento" á que se fai referencia na epígrafe IX das bases reguladoras da selección de estratexias de desenvolvemento local e de entidades colaboradoras, do ritmo de execución da citada estratexia, da redistribución de fondos entre estratexias dos GDR, do incumprimento da regra n+3 e doutras obrigas, así como noutros casos similares, a dotación financeira á que se refire este convenio entenderase modificada sen necesidade de tramitación específica.

2. Se a 30 de decembro das anualidades 2018 e seguintes o GDR non ten executados polo menos o 50% dos fondos asignados a esas anualidades, perderá ata un máximo do 25% dos fondos correspondentes á anualidade seguinte. De non existir ese volume de fondos dispoñibles na anualidade seguinte, os fondos serán retirados da anualidade inmediatamente posterior, no caso de que exista para os efectos do programa.

A porcentaxe exacta de fondos que os GDR que non acaden a execución mínima prevista no parágrafo anterior perderán, sitúase en 0,50 puntos porcentuais por cada punto inferior ao citado 50% de execución mínima de cada anualidade.

Décimo novena .- Resolución do convenio.

1. Este convenio poderá rescindir-se de mutuo acordo entre as partes.

2. En caso de grave irregularidade do GDR no exercicio das súas funcións, a Agader acordará a resolución do convenio e a perda do GDR da súa condición de entidade colaboradora, que se tramitará respectando os principios aplicables no procedemento sancionador. Para estes efectos considéranse irregularidades graves a ausencia ou atraso inxustificado na tramitación de expedientes, a tramitación e/ou selección de proxectos de xeito negligente ou arbitrario, a



non aplicación do principio de portas abertas no acceso ao GDR, a ausencia de difusión da estratexia a través de reunións coa poboación, a non adopción de medidas correctoras ou preventivas sinaladas pola Agader como consecuencia das funcións desta de seguimento do programa, a perda polo GDR das condicións necesarias para ser seleccionado como entidade colaboradora e o incumprimento grave das condicións e obrigas establecidas no presente convenio.

3. A resolución do convenio suporá que o GDR perde a súa condición de entidade colaboradora e que non poderá percibir a axudas vinculadas á medida Leader, sen prexuízo dos supostos nos que proceda o reintegro dos fondos e a imposición de sancións segundo o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Regulamento de execución (UE) nº 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, as medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade.

Con carácter previo, poderán adoptarse as medidas cautelares que se estimen oportunas co obxecto de non causar prexuízos de difícil ou imposible reparación.

4. Os proxectos promovidos polo GDR que se estean executando nese momento deben rematarse e xustificarse segundo as regras xerais.

5. En caso de disolución do GDR ou cando este non precise os equipamentos adquiridos con cargo aos fondos da medida Leader, destinaranse estes equipamentos a entidades sen ánimo de lucro que realicen actividades vinculadas ao desenvolvemento local no territorio do GDR, ou que persegan fins similares.

6. Os restantes incumprimentos das funcións e obrigas do GDR poderán dar lugar á suspensión temporal dos pagamentos pendentes ata que se corrixa as irregularidades cometidas.

Vixésima.- Transparencia da actividade pública.

1. Para os efectos do previsto na normativa de transparencia da actividade pública, este convenio publicarase, e as persoas que o asinan consinten que os datos persoais delas que figuran neste convenio se publiquen tamén.

2. Conforme ao establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de



xullo, polo que se regulan os rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a sinatura deste convenio leva implícito o consentimento para que os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións que reciba o GDR, así como ás sancións impostas, de ser o caso, sexan incluídos e feitos públicos nos citados rexistros, que dependen da Consellería de Facenda.

Vixésimo primeira .- Normativa aplicable á xestión dos fondos asignados á estratexia de desenvolvemento local.

1. Na aplicación deste convenio e na xestión da estratexia de desenvolvemento local terase en conta a normativa comunitaria, nacional, autonómica e local aplicable ás actuacións subvencionables. En particular, aplicaranse os seguintes actos e normas:

- a) O PDR de Galicia 2014-2020, aprobado pola Decisión da Comisión Europea C (2015) 8144, do 18 de novembro.
- b) Bases reguladoras e a convocatoria da selección de estratexias de desenvolvemento local e de entidades colaboradoras, aprobadas polo acordo do Consello de Dirección da Agader do 10 de febreiro de 2016
- c) Estratexia de desenvolvemento local para o territorio do GDR, seleccionado polo acordo do Consello de Dirección da Agader do 16 de novembro de 2016. Normas do GDR para a xestión da estratexia .
- d) Réxime de Axudas para o Leader de Galicia 2014-2020.
- e) Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
- f) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- g) Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- h) Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.
- i) Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.
- j) Regulamento (UE) 1303/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Feder, FSE, Fondo



de Cohesión, Feader e FEMP, e polo que se establecen disposicións xerais relativas aos fondos Feder, FSE e Fondo de Cohesión.

- k) Regulamento (UE) 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).
- l) Regulamento (UE) nº 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, sobre o financiamento, xestión e seguimento da política agraria común.
- m) Regulamento delegado (UE) nº 807/2014 da Comisión, do 11 de marzo, que completa o Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e introduce disposicións transitorias.
- n) Regulamento de execución (UE) nº 808/2014 da Comisión, do 17 de xullo, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello.
- o) Regulamento de execución (UE) nº 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, as medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade.

Sen prexuízo do anterior, a Agader, de conformidade co previsto no apartado cuarto do Acordo do Consello de Dirección da Agader do 10 de febreiro de 2016, poderá establecer regras complementarias para precisar as funcións e obrigas do GDR e para facilitar a execución da estratexia de desenvolvemento local e do PDR.

2. A Agader poderá concertar convenios e acordos con outras entidades sobre a complementariedade das axudas, a coordinación de actuacións ou outros aspectos que coadruven á correcta aplicación do PDR, e comunicarllos ao GDR para que os teña en conta no exercicio das súas funcións.



Vixésimo segunda.- Natureza do convenio e xurisdición.

Este convenio ten a natureza prevista no artigo 13 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e está excluído do ámbito de aplicación do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, ao abeiro do seu artigo 4.1.d).

No caso de discrepancia entre as partes, a Agader terá a prerrogativa de interpretación do convenio.

As cuestións litixiosas a que poida dar lugar a interpretación e cumprimento deste convenio, unha vez rematada a vía administrativa, quedarán sometidas ao coñecemento e resolución da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición.

Vixésimo terceira.- Seguimento do convenio.-

As actuacións realizadas polas entidades que asinan este convenio coordinaranse por medio dunha comisión mixta de seguimento da que formará parte un representante nomeado por cada unha das partes asinantes. Este órgano, que estará presidido pola persoa titular da Dirección xeral de Agader, ou persoa en quen delegue, reunirse polo menos unha vez ao ano, co obxecto de realizar un seguimento do convenio, así como para analizar e estudar as actividades levadas a cabo. Tamén servirá para establecer criterios interpretativos sobre as cuestións e conflitos que puidesen xurdir en relación coa aplicación deste convenio.



Vixésimo cuarta .- Disposición final.

Os gastos referidos aos custes correntes en que poida incurrir o GDR causados entre a data da notificación do acordo polo que se selecciona tanto a estratexia de desenvolvemento local como o GDR colaborador e a data da sinatura deste convenio, rexeranse polo disposto neste, no PDR, na normativa nacional ou autonómica pola que se rexe a aplicación das estratexias de desenvolvemento local e nas instrucións ditadas pola Agader.

En proba de conformidade co que antecede, asíñase este convenio por duplicado no lugar e na data sinalados ao principio.

A presidenta da Agader e conselleira do
Medio Rural

Ángeles Vázquez Mejuto

A presidenta do GDR

Sandra González Álvarez



ANEXO I DO CONVENIO

Ámbito xeográfico de actuación

O ámbito xeográfico de actuación do GDR “Grupo de Desenvolvemento Rural Baixo Miño” está conformado polos (*número*) concellos que se relaciona a continuación:

- Fornelos de Montes
- Pazos de Borbén
- Redondela
- Mos
- O Porriño
- Nigrán
- Gondomar
- Baiona
- Tui
- Oia
- Tomiño
- O Rosal
- A Guarda

Deste ámbito xeográfico exceptúanse as seguintes entidades singulares de poboación, por superar os limiares previstos na epígrafe V das bases reguladoras para a selección de estratexias de desenvolvemento local e para a selección e o recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural (DOG núm. 42, do 2 de marzo de 2016).

- Redondela
- O Porriño
- A Guarda

Deste ámbito xeográfico exceptúanse os seguintes parques empresariais (*nomear os que se sitúen nos concellos de Santiago de Compostela, Lugo, Pontevedra, Ourense e Ferrol*):

- Ningún